



Instituto Xeográfico Nacional

O teu mundo,
a nosa referencia

O 12 de setembro de 1870 creouse o Instituto Xeográfico e foi o seu primeiro director o Xeneral Carlos Ibáñez e Ibáñez de Ibero. O novo organismo, herdou os instrumentos, o persoal e os traballos da súa predecesora Xunta Xeral de Estatística. Naceu coa misión inicial, entre outras, de «a determinación da forma e dimensións da Terra, triangulacións xeodésicas de diversas ordes, nivelacións de precisión, triangulación topográfica, topografía do mapa e do catastro, e determinación e conservación dos tipos internacionais de pesas e medidas»

Ao longo da súa historia, foi obxecto de varias reformas organizativas que foron modificando as súas competencias, unhas veces ampliándoas, e outras traspasando algunhas delas a novos centros especializados, tales como (utilizando a súa denominación actual) a Axencia Estatal de Meteoroloxía, o Instituto Nacional de Estatística, a Dirección Xeral do Catastro e o Centro Español de Metroloxía.



MTN25 fragmento folia 807-I

En 2020, a actual **Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional**, adscrita ao Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana, coroa século e medio de enxeñería xeográfica, en cuxo transcurso veu desenvolvendo a observación, medición, análise, avaliación e representación do noso territorio e do espazo exterior.

A sociedade española ha experimentado nas últimas décadas unha profunda transformación social, económica e tecnolóxica e, con ela, o Instituto Xeográfico Nacional, como institución científico-técnica, no ámbito da Astronomía, a Geofísica, a Xeodesia, a Observación do Territorio, a Cartografía ou a produción e difusión de información xeográfica.


Esa transformación tamén esixiu que, no seu exercicio actual como Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico, órgano consultivo do Goberno, asuma o apoio e impulso, xunto ao seu organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica (CNIG), do Sistema Cartográfico Nacional, marco normativo do que se dotou o noso país para a coordinación e colaboración entre as administracións públicas en materia de cartografía e información xeográfica.



Observatorio de Yebes

Durante 2020, o capital máis prezado do Instituto, os seus profesionais, ofrecen a todos os cidadáns numerosos actos e eventos como homenaxe no seu 150º aniversario, orgullosos de formar parte dunha institución española de referencia.

Homenaxe, en realidade, ao persoal que serviu nel ao longo da súa historia.



Sismograma da illa do Hierro

150 aniversario
1870-2020

Ao longo de 2020 desenvolveranse diversas actividades e eventos relacionados co 150º aniversario das que se adiantará oportunamente información detallada a través da páxina web:

www.ign.es/web/ign/portal/150-aniversario

e nas redes sociais:



@IGNSpain



@IGNSpain



IGNSpain



IGNSpain



IGNSpain

Instituto Xeográfico Nacional
Centro Nacional de Información Xeográfica

Xeneral Ibáñez de Ibero 3
91 597 95 14, fax: 91 597 97 73
Madrid, 28003
consulta@cnig.es
www.ign.es



DOI: 10.7419/162.04.2020
NIPO dixital: 798-20-035-6

1870




Créase o Instituto Xeográfico (12 sep.) na Dirección Xeral de Estatística, dentro do Ministerio de Fomento, como establecemento científico con competencias en Xeodesia, Nivelacións, Cartografía, Topografía, Catastro e Pesas e Medidas.

1875



Publícase a primeira folia do Mapa Topográfico Nacional a escala 1:50.000, (nº 559-Madrid)

1880



Inicio da Primeira Recensión Xeográfica e Estadística de España (precursora do Atlas Nacional de España), que se finalizaría en 1888.

1909



Instálase a primeira estación sísmica internacional no Observatorio Xeofísico de Toledo.

1910



Creación da Imprenta Oficial do Instituto Xeográfico.

1922



Colócase a primeira pedra da terceira e actual sede do Instituto na rúa Xeral Ibáñez de Ibero 3 de Madrid, nun acto presidido pola S.M. o Rei Alfonso XIII (7 xul.)

1956



Implantación da Estación Sismolóxica de Sonseca, unha rede sísmica especial para detección e verificación de ensaios nucleares (hoxe Estación Primaria do Sistema Internacional de Vixilancia do Tratado de Prohibición Completa de Ensaos Nucleares, CTBTO, de Nacións Unidas).

1973



Creación dos centros de observación astronómica en Yebes (Guadalaxara) e Calar Alto (Almería).

2004



Preséntase a primeira versión do xeoportal da Infraestrutura de Datos Espaciais de España, IDEE, xestionada e coordinada polo CNIX. O IXN asume competencias en vixilancia e alerta volcánica.

2003



Finalización do Mapa Topográfico Nacional de España a escala 1:25.000, MTN25, completando a publicación das súas 4.123 follas.

2001



Finalización do proxecto da Rede Xeodésica Nacional por Técnicas Espaciais, REXENTE.

1997



Inicio da implantación da Rede Xeodésica Nacional de Estacións Permanentes GNSS. Ao ano seguinte constituirá o soporte para desenvolver o Servizo de Posicionamento en tempo Real do IXN.

1993



Finalizase a observación, cálculo e compensación da Rede Xeodésica de Orde Inferior, ROI, que pasa a constituír o marco de referencia geodésico ED50 (anterior ao actual ETRS89).

1988



Creación do Centro Nacional de Información Xeográfica (CNIX) como organismo autónomo de carácter comercial, adscrito ao Ministerio de Obras Públicas e Transportes a través da Dirección Xeral do IXN (Lei 37/1988 de PGE 1989, artigo 122).

1986



Publicase a Lei 7/1986 de Ordenación da Cartografía que atribúe ao Instituto Xeográfico Nacional a formación e conservación da cartografía básica e derivada terrestre. O Consello de Ministros encomenda ao IXN realizar o Atlas Nacional de España.

2005



Inicio da Base Topográfica Nacional, BTN25. Os Ministros de Defensa, Fomento e Medio Ambiente asinan no IXN un Protocolo para a obtención de coberturas do territorio español con imaxes de satélite, no marco do Plan Nacional de Observación do Territorio. Os Príncipes de Asturias inauguran o radiotelescopio de 40 metros do Observatorio de Yebes (Guadalaxara).

2007



Publicanse Reais Decretos polos que se aproban os Estatutos do CNIX e regúlanse o Sistema Xeodésico de Referencia Oficial en España, e o Sistema Cartográfico Nacional como novo modelo de cooperación entre todas as administracións do Estado en materia cartográfica e información xeográfica.

2010



Publicase a Lei 14/2010 sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España (LISIGE), atribuíndo ao IXN a presidencia das comisións permanente e territorial do Consello Superior Xeográfico, así como a secretaría técnica do mesmo.

2013



Aprobación polo Consello de Ministros do Primeiro Plan Cartográfico Nacional 2013-2017 coordinado polo IXN. Inauguración do primeiro radiotelescopio de 13,2 m. «Jorge Juan» do proxecto hispano-portugués Rede Atlántica de Estacións Xeodinámicas e Espaciais (RAEXE) no Observatorio de Yebes (Guadalaxara).

2014



O IXN asume a coordinación en España do Servizo de Territorio do programa europeo Copernicus (Copernicus Land).

2018



O IXN publica o Atlas Nacional de España do Século XXI, ANEXXI, en colaboración con 38 institucións científicas e académicas (Rede ANEXXI), premiado co Premio de Comunicación da Sociedade Xeográfica Española que foi entregado en 2019 pola S.M. o Rei Felipe VI.

2019



O IXN participa na obtención da primeira imaxe da sombra dun buraco negro. Exposición cartográfica na sede central do IXN sobre o V centenario da primeira circunnavegación da Terra.